

RECOMENDACIÓN DA BIBLIOTECA PARA O NADAL

PRIMEIROS LECTORES/AS:



LECTORES/AS EN POTENCIA



RATOS DE BIBLIOTECA




BOLETÍN INFORMATIVO DA BIBLIOTECA DO I.E.S. DE QUIROGA. DECEMBRO 2015

NOVIDADES



Non esquezas visitar: <http://biblioquiroya.blogspot.com.es/>

ACTIVIDADES NA BIBLIOTECA



No que vai de curso, houbo xa varias actividades vencelladas á biblioteca escolar do noso IES: a primeira delas foi un recital poético de **Elías Portela / Elías Knörr**, autor de orixe galega que agora reside en Islandia e compón temas en varias linguas. Foi magnífico oílo recitar ao xeito dun bardo nórdico poemas seus en islandés, pero tamén o foi escoitalle versos en galego.

A segunda das actividades foi o concerto de **Sés**, en colaboración co Dpto de Música e con EDNL, que despois de ter sido adiado en varias ocasións, coincidiu coa conmemoración do Día das Bibliotecas no noso centro, a finais de outubro.



O 10 de novembro Carlos Coira trouxo ao salón de actos do instituto un espectáculo que combinaba a maxia e o humor –**Aprapalabra**– e que serviu de complemento ao magosto.

Por outra parte, o ilustrador galego **Miguel Fernández** fará unha visita ao noso centro a finais de xaneiro, en relación coa exposición de cómic, novela gráfica e banda deseñada que haberá durante ese mes, no que tamén se celebra o Día da Ilustración.

Este curso terá lugar a IIª edición do **Concurso de Disfraces Literarios** no Entroido: ide pensando xa que personaxes da literatura recrearedes!

Por outra parte, mantéñense en activo ao longo deste curso actividades como a **Hora de Ler** e o **Banco de Libros** (na ESO) e o **Club de Lectura**, que ofrece as súas propostas a toda a comunidade educativa.

PROPOSTAS DENDE A BIBLIOTECA

CLUB DE LECTURA LIBROMANÍA

Despois de ter varias xuntanzas e comentar as obras lidas ata o de agora, estableceronse como próximas lecturas, as seguintes:

- Na sección de alumnado: *El autobús de Rosa* (Fabrizio Silei), *Danny el campeón del mundo* (Roald Dahl) e *Amor dos quinze anos, Marilyn* (Agustín Fernández Paz). Está pendente o comentario de *Durmido sobre os espellos*.
- Na sección de adultos: *La voz dormida* (Dulce Chacón), *Cos peitos desenchufados* (Elías Portela) e *Fahrenheit 451* (Ray Bradbury).

DEIXÁRONNOS...

Recentemente faleceron dous grandes homes das letras galegas:

Xosé Neira Vilas (Vila de Cruces, 1928-2015): autor de narracións como *Memorias dun neno labrego*, *Espantallo amigo*, *Querido Tomás* ou *Aqueles anos do Moncho*, pero tamén de libros de poesía (algúns en colaboración coa súa muller, Anisia Miranda) e ensaio (*Galegos no golfo de México*).

Xosé Chao Rego (Vilalba, 1932-Santiago, 2015): teólogo e ensaísta, estudoso e analista de distintos aspectos da sociedade galega contemporánea, con obras como *Eu renazo galego*, *Prisciliano* ou *Por aquí chégase a Galicia*.

... A SÚA OBRA PARA A ETERNIDADE

QUE PODES ATOPAR NA BIBLIOTECA?

Nos fondos da nosa biblioteca non se poden atopar libros de consulta ou lecturas literarias; hai materiais documentais moi variados, tanto de carácter didáctico como cun enfoque lúdico e entretido, que están relacionados con ámbitos moi diversos do coñecemento, como é o caso destas obras ás que o Departamento de Matemáticas nos recomenda botarlles un ollo:

